

PEZA DO MES

decembro

2025



CACHIMBA DE ARXILA TIPO XONÁS E A BALEA

Cachimba de arxila tipo *Xonás e a balea*

Século XVII (1660-1675)

Pirofilita e caolín

Dimensións: 79,6 x 12,2 mm

Recinto fortificado de Monterrei (Ourense)

Num. inv. DX1528/11

Entre decembro de 2023 e novembro de 2025 foi desenvolvida unha intervención arqueolóxica asociada ao proxecto de *Restauración do Camiño Real no acceso á fortaleza de Monterrei*, asinado polo arquitecto Eduardo Cruz Aguiar.

Unha das actuacións concreouse nunha sondaxe que atinxiu a poterna oriental do recinto medieval situada no denominado Camiño do Adarve e en cuxo contexto foron localizados dous fragmentos de cana dunha cachimba de arxila, un deles decorado.

Malia que o emprego de cachimbas ou pipas se documenta xa na antigüidade, o seu uso como utensilio para fumar tabaco desembarca en Europa a finais do século XV e débese, disque, ou así é tradicionalmente considerado, a Rodrigo de Jerez, mariñeiro de Ayamonte que acompañou a Colón na súa primeira viaxe.

A súa difusión polo occidente de Europa, en calquera das distintas formas maioritarias de uso (en infusión, nifrado ou fumado), é relativamente rápida no século seguinte, e son as zonas portuarias os seus puntos de entrada máis habituais.

A Jean Nicot de Villamain, embaixador en Lisboa, atribúeselle o envío a Francia, en 1560, das sementes e da planta de tabaco, coa adxudicación de propiedades medicinais, así como a introdución na corte real do rapé (tabaco en pó para nifrar) ao llo receitar á raíña nai Catalina de Médicis para curar as súas xaquecas. O éxito inmediato do seu emprego reportoulle unha gran sona a Nicot ata o punto de derivar do seu apelido o nome científico da planta (*nicotiana tabacum*), así como do alcaloide coñecido como nicotina.

No que atinxe a Inglaterra, é ao corsario John Hawkins a quen se lle adxudica a introdución nas illas, arredor de 1564, do costume de fumar, e comezaron a producirse pipas en centros como Broseley a partir de 1575. Porén, atribúeselle a Walter Raleigh, fundador da colonia norteamericana *Virxinia*, a súa introdución, en 1586, na corte de Isabel I e a súa posta de moda entre as clases privilexiadas.

Á morte da raíña, en 1603, o acceso ao trono de Xacobe I, declarado antitabaco por consideralo un hábito

prexudicial para a saúde, tal como denuncia no seu tratado *A Counterblast to Tobacco* (1604), así como, en boa medida, as represalias derivadas da tentativa rexicida dun grupo católico na chamada *The Gunpower Plot* de 1605, provocaron a fuxida de moitos ingleses a Francia e Países Baixos, os cales levaron consigo os seus coñecementos sobre a fabricación de cachimbas de arxila.

O primeiro rexistro da fabricación nos Países Baixos remóntase ao ano 1608, a partir do cal se establecen obradoiros en distintas cidades como Amsterdam, Leiden, Groningen, Maastricht ou, en especial, Gouda, centro de produción que acada especial auge durante a guerra dos Trinta Anos (1618-1648).

En Francia a produción iníciase arredor de 1620 en Rouen, mentres que en España, malia que o hábito de fumar, maioritariamente xarutos, xa se vai espallando dende as primeiras décadas do século XVII, a súa fabricación non se iniciará ata a centuria seguinte.

O proceso xeral de elaboración destas cachimbas de «arxilas brancas», que xa se pode apreciar nas láminas da *Encyclopédie, ou Dictionnaire raisonné des sciences, des arts et des métiers*, de Denis Diderot e Jean le Rond d'Alembert (1751), podería resumirse, tal como explicita María del Mar López Colom na súa obra *Pipas de arcilla halladas en Gipuzkoa. Aproximación a su catalogación arqueológica y tipológica* (1996), do seguinte xeito: a arxila púñase a remollo en cubas de madeira e, unha vez que adquiría homoxeneidade, batíase sobre unha mesa cunha barra de ferro ou mediante amasadores mecánicos (mesmo empregando muíños de tracción animal). Desá amasadela, preparábanse as porcións de arxila ás que se lles daba a forma aproximada dunha cachimba, depositábanse sobre unha prancha ou taboíña, formando grupos de quince unidades, e dispúñanse para iso en tres fileiras de seis, cinco e catro. Unha vez secas ao ar e cando xa tiñan adquirido certa consistencia, realizábanse os orificios lonxitudinais nas cachimbas utilizando unha variña de ferro aceitado. Aínda con esta incorporada, introducíanse nun molde de bronce ou ferro, untado previamente con aceite, que se cerraba presionando con caravillas. O extremo que conformaría a cazoleta, ou forniño, da peza baleirábase ata lle dar a forma de cunca, e a seguir empurrábase a variña ata o final comunicando a cana con ela. Unha vez desmoldeadas, as pezas desbastábanse para quitarlles as rebarbas, testemuñas das xuntas do molde, e deixábanse secar para introducilas posteriormente no forno, dispóndoas para iso en recipientes refractarios recubertos con area, onde se cocían a unha temperatura de entre 200 e 300 graos durante 16 a 20 horas.

A pesar de non ser posible acreditar se ambos e dous fragmentos de Monterrei recuperados integraban

un mesmo utensilio, cousa que semella o máis acaído, o que presenta decoración (de pequenas dimensións: 79,6 mm de lonxitude e diámetros entre 12,2 mm –exterior– e 3,1 mm –tiro–, conservando as rebarbas) corresponde a unha fracción de cana dun tipo denominado «Xonás e a balea» (*Jonas and the whailer*), ao presentar un motivo moi popular entre os fumadores dos Países Baixos dende o século XVII (os primeiros exemplares aparecen en 1620-1625), e que evoca unha pasaxe do ciclo deste profeta na que se representa sendo engulido (ou regurxitado?) por un grande monstro mariño.

No Libro de Xonás do Antigo Testamento refírese o encargo de Yahvé a Yonah para se dirixir á cidade asiria de Nínive e predicar aos seus habitantes advertíndoos do castigo de persistiren na súa iniquidade. Eludindo a misión, en vez de encamiñarse cara alí, embarca con destino a Tarsis, polo que Deus, en castigo polo seu renuncio, provoca unha gran marusía, ante a cal os mariñeiros, considerándoo reponsable da cólera divina, tentan acougala botando a Xonás da nave e este é engulido por un gran peixe (grego *kêtos*=monstro mariño, balea –de onde deriva a infraorde *cetacea*–) en cuxo ventre pasará tres días e tres noites invocando o Señor. Perdoado por este, é vomitado para cumprir finalmente a súa misión.

Este contexto explicaría o motivo recollido na cachimba, xa que se reflicte no fragmento de cana conservado o monstro con escamas e entre cuxas fauces asomaría a cabeza do profeta, orientada de cara ao fumador, coa faciana barbada representada na cazoleta, ausente neste caso, malia que testemuñada por un miúdo resto da barbicha, e que completaría a escena.

O fragmento conserva tamén a marca do fabricante concretado en dúas combinacións de caracteres en cadansúa face lateral, o monograma MP á esquerda e as letras M e I á dereita, o que, a máis da decoración específica, serviría para unha adscrición máis precisa do obradoiro de orixe.

Porén, a este respecto, resulta indicativo da singularidade da peza que na exhaustiva revisión efectuada tanto do amplísimo catálogo do *Amsterdam Pipe Museum*, institución de referencia europea, como dos doutros centros museísticos, de non menor entidade, non se teña acadado o rexistro de exemplares con selo idéntico entre as súas coleccións, o que se pode facer extensivo aos exiguos resultados das consultas bibliográficas realizadas.

Así a todo, temos coñecemento de dous únicos paralelos. Un deles, un exemplar integrado nunha colección privada e procedente dunha escavación na cidade de Gouda

e outro, achado nas escavacións da igrexa de Nuestra Señora de la Concepción de Santa Cruz de Tenerife, a partir do que podemos completar, cando menos a xeito de hipótese, algo máis do seu deseño.

O primeiro, cuxa constancia debemos á comunicación persoal de Ewout Korpershoek (da Fundación PKN) e da que só se recuperou a cazoleta coa cabeza de Xonás e o entroncamento coa cana, non parece conter trazas da balea pero si do monograma e da asociación de letras con idéntica conformación, polo que se pode atribuír sen dúbida ningunha ao mesmo fabricante. Neste senso, no propio catálogo (<https://www.kleipijpen.nl/decoratie/jonas-in-de-walvis/late-jonaspijpen>) atribúeselle unha adscrición serodia consonte o período 1660-1675, e presentaría pé (protuberancia para pousar) na base do forniño e que no caso que nos ocupa non é posible acreditar.

O segundo, do que se recuperou un fragmento da cana que si parece xemelga (ou realizada cun molde ben semellante) está depositado no *Museo Canario* e foi recuperada, tal como indica Matilde Arnay de la Rosa no artigo *La arqueología histórica en Canarias. El yacimiento sepulcral de la iglesia de Nuestra Señora de la Concepción de Santa Cruz de Tenerife* (2009), durante as campañas de escavación realizadas en 1993 e 1995, nunha área de soterramentos adscribible entre primeiros do século XVIII e 1829, do interior da citada igrexa.

A presenza de grafías idénticas do fabricante e, polo que se pode percibir da publicación, doutro fragmento aparentemente compatible coa decoración do monstro e que parece dar continuidade á cachimba cara á boquilla, podería permitir extrapolar algo máis da fisionomía da peza de Monterrei na cal xa se aprecia un rebordo ou moldura que dá remate ao monstro na zona proximal (dende o punto de vista do fumador) e que no da citada escavación se complementa con motivos xeométricos (unha banda reenchida de círculos) e vexetais (seis follas –tres en cada face, sendo as centrais maiores que as laterais– e cos nervos realizados).

En canto á materia prima utilizada para a elaboración, as análíticas realizadas nesas pezas mediante microscopía de varrido electrónico (SEM) asociado a espectroscopía EDX (*Energy Dispersive X-ray analysis*), evidencian a presenza de diversos silicatos aluminicos. É maioritaria a proporción de pirofilita sobre a de caolinita, o que se explicaría polas mellores propiedades refractarias que presenta aquela sobre esta, algo que podería parecer relativamente sorprendente xa que tradicionalmente se veñen identificando, mesmo para a súa denominación, as cachimbas de arxilas abrancazadas como «pipas de caolín».



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓXICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓXICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende a época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o Pazo do Bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao Barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono: 988 788 417

Horario de visita:

De martes a sábado: das 9.00 ás 21.00 h ininterrompido

Domingo: das 9.00 ás 15.00 h

Pechado os luns e festivos oficiais

Outros servizos do museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do museo, na rúa Xílgaro, s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 h e das 16.30 ás 20.00 h

www.musarqourense.xunta.es
mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueológico Provincial de Ourense

TEXTO: Manuel Anxo López-Felpeto Gómez

ISSN: 1579-9956

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río Martínez

MAQUETA: Araceli Gallego Blanco